

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ANUNCIO do 19 de xuño de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se notifica a resolución de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Sobrado dos Monxes (expediente IN407A 2023/282-1).

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal a publicación no *Boletín Oficial del Estado* resulta preceptiva «cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, intentada esta, non se puidese efectuar», mediante este anuncio notificase á persoa sinalada no cadro anexo a resolución desta dirección territorial, do 25 de abril do 2025, pola que se concede a autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica a prol da entidade UFD Distribución Electricidad, S.A. e que corresponde ao proxecto de instalación eléctrica denominada «Nova LAMT, LSMT, CT e conexión RBT en Muradelo», no concello de Sobrado dos Monxes (expediente IN407A 2023/282-1).

O texto íntegro da resolución que agora se anuncia está á disposición da persoa interesada na sede da Dirección Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, situada no Edificio Administrativo de Monelos, na rúa Vicente Ferrer, 2-2º, 15008 A Coruña, na Sección de Enerxía (teléfono de contacto 981 18 49 70), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres. A persoa interesada disporá dun prazo de dez (10) días, a partir da publicación deste anuncio, para solicitar a remisión da resolución ao enderezo que sinalen.

Contra a resolución, que non pon fin á vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, ou interpoñer calquera outro recurso que proceda.

A Coruña, 19 de xuño de 2025

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

CVE-DOG: bjtukft2-dlh1-mi44-j442-x4ahbvktf564





ANEXO

Denominación: Nova LAMT, LSMT, CT e conexión RBT en Muradelo.
Concello: Sobrado dos Monxes.

Nº	Referencia catastral	Lugar	Cultivo	Nome	Afección pleno dominio (LMT, CT e/ou apoios)		LMT aérea-voo (servidume de paso de enerxía eléctrica)	
					CT/Nº do apoio	Superf. (m²)	Lonx. (m)	Superf. (m²)
9	15081A03100135	Chousa de Atrás	Prados ou praderías	Descoñecido/a				52

